

Jordi Bernadó

ID project

Colección de Arte Banco Sabadell

Jordi Bernadó

ID project

Colección de Arte Banco Sabadell

O fotógrafo Jordi Bernadó elixiu 14 personalidades para reflexionar sobre a identidade a través do retrato. Trátase de 14 referentes mundiais en dereitos humanos, feminismo, ecoloxía, ciencia, arte e a defensa dun futuro mellor.

A todos lles pediu que escollesen onde querían ser retratados. Non podía tratarse dun lugar calquera, senón do seu lugar no mundo. Esta era unha das condicións. A outra, que se puxesen de costas á cámara. Non se lles podía ver o rostro. O lugar elixido defíneos. A paisaxe é a única pista que o espectador ten do retratado.

ID Project explora a esencia da identidade humana, aquilo que supostamente fainos únicos.

Todos temos un lugar no mundo, un lugar que amamos, que estrañamos, un lugar onde volver.

E ti? Cal é o teu lugar no mundo?

Jimmy Wales

Cofundador de Wikipedia
Huntsville, Estados Unidos, 1966

Escolleu a London Library
Londres, Reino Unido, 2015



Jimmy Wales fundou, xunto co filósofo Larry Sanger, a enciclopedia *online* máis famosa, a Wikipedia. Esta enciclopedia, que aposta polo formato libre e colaborativo, conta con millóns de artigos e usuarios. O seu compromiso constante coa liberdade de coñecemento converteuna nunha das webs máis visitadas do planeta.

Wales é presidente emérito da Fundación Wikimedia, dende a que leva a cabo un importante labor no desenvolvemento transversal de contido educativo. Apoia xente de todo o mundo a reunir información e a difundila dende unha perspectiva neutral e rigorosa.

Jimmy Wales, que tratou de cercar o baleiro que aniña en todo o importante, escolleu facer o seu retrato en The London Library, en Londres.

Ninguén sabe que cousa é –que estraño artefacto, construción, cúmulo de saberes– unha biblioteca. Tampouco onde se agocha o saber, nin se puido contrastar se, como afirmaba no seu relato Jorge Luis Borges, «A biblioteca é unha esfera cuxo centro cabal é calquera hexágono, cuxa circunferencia é inaccesible». Onde está ese centro cabal?

Quizais exista un baleiro no centro de todo o importante e algúns, tal vez de xeito un tanto precoz, dediquen a súa vida a completalo. Este é o caso dun neno ao que, con tres anos, lle regalaban unha enciclopedia. Aquel obsequio inocente plantou a semente dunha paixón que definiría a súa vida: a paixón polo saber. O neno, que podemos imaxinar como espelido, curioso e ávido de coñecemento, pasaba moito tempo asexando entre as entradas daquel fascinante templo do saber. Ao principio detíñase ante mapas, ilustracións e finas capas de celofán que descubrían partes descoñecidas do corpo humano. Máis tarde, co paso dos anos, aprendeu a ler, e aquela fascinación inicial viuse truncada pola inquietude xa que o neno –que imaxinamos espelido, curioso, ávido de coñecemento– decatouse de que naquelas prezadas páxinas non estaba todo: faltaban datos. De novo, o baleiro. Así, o neno ideou un sistema rudimentario para ir completando a ausencia e tentaba procurar información noutros lados, noutros libros, contrastábaa e ía engadíndoa mediante notas adhesivas que emendaban os erros da enciclopedia.

Non temos forma de investigar se o que que desexaba con aquel pasatempo estraño era o mesmo co que soñou o neno convertido en adulto: un mundo no que a xente tivese acceso de balde á suma total de todos os coñecementos posibles. Un mundo no que fose posible agrupar todo o

saber nun mesmo lugar. E o lugar, por certo, acabou por chamarse Wikipedia e o neno, que agora xa é adulto, Jimmy Wales, fundou, xunto co filósofo Larry Sanger, a enciclopedia online de máis sona, a enciclopedia da que se pode dicir, sen medo á hipérbole, que cambiou o mundo.

O embrión de Wikipedia foi unha web chamada Nupedia, unha enciclopedia gratuíta que non saíu adiante porque o programa que usaba era pouco operativo. Foi en 2001 cando apareceu a tecnoloxía wiki, que permitía que calquera puidese escribir nun sitio e modificar o contido, o que permitiu o nacemento da Wikipedia. Hoxe, esta enciclopedia libre editada de xeito colaborativo ten millóns de artigos e persoas usuarias en todo o mundo e é, ademais, a octava web máis visitada do planeta.

O destino de Wikipedia parecía abocado ao caos e, pola contra, seguimos aquí, nos ombreiros deste xigante, como naquela frase atribuída a Bernardo de Chartres que di que «somos como ananos nos ombreiros de xigantes. Podemos ver máis, e máis lonxe ca eles, non pola agudeza da nosa vista nin pola altura do noso corpo, senón porque somos levantados pola súa grande altura». Cadaquén atopa a súa maneira de enfrontarse ao baleiro. Afortunadamente, Wales deu forma á súa no noso beneficio, e quizais por iso sabemos hoxe un pouco máis acerca do noso mundo. Podemos, incluso, axudar a tecer todas esas redes que logran que o saber sexa un pouco máis accesible.

Gao Xingjian

Premio Nobel de Literatura
Ganzhou, China, 1940

Escolleu o Palais-Royal
París, Francia, 2016



O escritor Gao Xingjian trazou, coas súas palabras, novas cartograffas para a literatura chinesa. Dramaturgo e novelista de grande prestixio, a súa obra máis importante é a novela *La montaña del alma* (1990). Refuxiouse en París durante a Revolución Cultural de China tras sufrir numerosas persecucións e logo da total destrución da súa obra intelectual naquel momento.

Na actualidade reside en Francia e é cidadán francés. No ano 2000 obtivo o Premio Nobel de Literatura, o primeiro para a súa lingua.

París é sinónimo de liberdade para Gao Xingjian. Quizais por isto decidiu facerse o retrato no recinto do Palais-Royal, coa Comédie-Française nas súas costas.

Gao Xingjian é un home de moitas vidas. A primeira delas comeza, como a de todos, co seu nacemento en 1940, na cidade de Ganzhou. A convulsa China que o viu nacer foi o detonante de que tivese que abandonar esa primeira vida, pero vaíamos por partes. Tras estudar francés en Pequín, traballou como tradutor e guionista. A estrea das súas primeiras obras de teatro fixo saltar a alarma entre as autoridades chinesas, que o acusaron de contaminación cultural. Sen darse por vencido, Xingjian comezou a escribir en segredo nesta época que bautizaría como o «terror vermello». Non obstante, en 1986, a súa obra foi definitivamente prohibida no seu país.

Ante a prohibición, este artista tan increíblemente polifacético –escritor de novela, poeta, director de teatro e dramaturgo, autor de ópera, crítico de arte e literatura, director de cine, artista plástico–, decidiu exiliarse en París, onde reside dende 1987 e onde comezou a súa segunda vida. Para Gao Xingjian, Francia –París especialmente– é sinónimo de liberdade, a liberdade que obtivo en sacrificio daquela primeira vida que deixou atrás.

Elaborar a dor e o sufrimento, sublimalo para convertelo en beleza é quizais a máxima que podería definir a súa obra, que transforma a dor en algo intelixible e a eleva á categoría de arte: «Nunca deixei de escribir, incluso nos momentos máis difíciles da miña vida. Escribo para min, para aliviar o meu sufrimento». Ademais, adoita dicir que ás súas pinturas comezan onde as súas palabras non chegan.

Gao Xingjian experimentou outra vida, a terceira, que comeza cunha chamada no ano 2000 que lle dá a nova de que gañou o Premio Nobel de Literatura. Foi o primeiro escritor en lingua chinesa en obtelo. «Abrinlle a porta a moreas de persoas e dende aí en adiante foi coma estar atrapado


nunha tormenta». Este sabio humilde, pouco amigo das multitudes, chegou incluso a caer enfermo despois de verse desbordado por unha axenda que parecía non ter fin. Comezaba, como dicíamos, a súa terceira vida, a de agora.

«Só es libre cando non tes nada que perder», dixo nunha ocasión. El perdeu moito, de feito, unha vida enteira. A cambio, a este espectador escéptico e lúcido que non ten pretensión de explicar o mundo pero que o fai, outorgáronselle dúas máis e as que lle quedan aínda por chegar.

Rosario Quispe

Líder de comunidade indíxena
Jujuy, Argentina, 1968

Escolleu Salinas Grandes
Jujuy, Argentina, 2017



A emprendedora xuxeña Rosario Quispe traballa dende hai máis de vinte anos para mellorar as vidas dos homes e mulleres de La Puna, na provincia arxentina de Jujuy. En 1995 fundou a Asociación Warmi Sayajsunqo (“mulleres perseverantes”, en quechua) dedicada a mellorar os niveis educativos, facilitar o acceso á saúde e fomentar o emprego de calidade na súa comunidade.

Foi nomeada ao Premio Nobel de la Paz en 2005, recoñecida pola Universidade de Harvard pola súa obra e gañou o Premio Abanderados en 2012, ano no que logrou inaugurar a Universidade da Puna.

Rosario Quispe escolleu que se fixese o seu retrato nun lugar sen o cal ela non se entendería, nin ela nin a súa loita. Por iso aquí está, en Salinas Grandes, Jujuy, Arxentina.

Nos soños empezan as responsabilidades. Cantáboas así Lou Reed e explicouno Delmore Schwartz no relato homónimo. Moitas das realidades comezan aí, nos soños. E o de Rosario Quispe era o de moitas de nós: «Soñabamos cun futuro mellor», conta esta muller que pasou a súa infancia cos seus avós en Puesto del Marqués, na Puna arxentina, moi preto da fronteira con Bolivia, e deles aprendeu os valores que guían a súa vida hoxe: «Se non temos iso, hija, –lembra que lle repetían– se os perdemos, non teremos nin para comer».

Cando casou mudouse a unha vila próxima, Abra Pampa, e en 1995, cando pechou a mina na que traballaba o seu marido, a familia de Rosario Quispe quedou sen medios para subsistir. Meses despois morreu súa nai e, da traumática experiencia de non ter nin ambulancias para levala ao hospital –Jujuy está a 220 quilómetros de aí– xurdiu unha resolución que non a abandonou até hoxe: a firme decisión de traballar para desenvolver a súa rexión. Foi ese mesmo ano, en 1995, cando fundou, en Abra Pampa, Jujuy, a asociación Warmi Sayajsunqo (que en quechua significa «muller perseverante») para defender as comunidades da zona e para que non tivesen que marchar lonxe para subsistir; para poder facer da Puna un lugar habitable no futuro.

Perseverar significa manterse firme e constante nunha maneira de ser ou de obrar, significa sinalar aquilo imposible de renunciar. As warmi de Quispe naceron en 1995 como un grupo de tecedoras. Un reducido grupo de mulleres comezou a reunirse nun cuarto da casa de Rosario. Levaban os fillos pequenos porque non tiñan con quen deixalos e aí, entre esas catro paredes, mentres tecían, compartían o tempo e a vida, as súas alegrías e rarezas, mais tamén aquel soño que empezaba e remataba nun futuro mellor. Foi moi importante sentir iso: que non estaban soas. Despois duns

meses xa eran 320 socias e hoxe a asociación está integrada por máis de 3.000 familias, habitantes da Puna e dos vales interandinos, e está conformada polas 90 comunidades orixinarias.


Hoxe, Warmi Sayajsunqo e Rosario son as referentes sociais do cambio en Jujuy e prepáranse para sacar adiante novos desafíos e darlle un pulo ao emprego de calidade na comunidade. Esta emprendedora social, nominada ao Premio Nobel da Paz en 2005, organizou un sistema de créditos para que as comunidades illadas poidan sobrevivir sen ter que emigrar forzosamente ás cidades en busca de sustento e fundou a primeira universidade da Puna.

Nos soños empezan as responsabilidades e Rosario Quispe, rodeada de mulleres coas que tecía os complexos fíos dun tapiz, da súa realidade, constrúe oportunidades. Que máis se pode dicir de alguén! Que tiña un soño e agora camiña sobre el.

Nada Al-Ahdal

Activista polos dereitos humanos
Zabid, Iemen, 2002

Escolleu Amán
Xordania, 2019



A activista Nada Al-Ahdal fuxiu de dous matrimonios forzosos orquestrados polos seus pais. En 2013 publicou un vídeo en YouTube no que denunciaba o seu caso. O seu testemuño rapidamente a volveu viral e converteuse nunha das principais voces de denuncia contra o matrimonio infantil en Iemen.

Al-Ahdal fomentou o diálogo sobre os dereitos dos nenos en Iemen, impulsou creación de Nada Foundation en 2017 e logrou que se crease e aprobase unha lei de criminalización do matrimonio de menores de dezoito anos. Foi dúas veces nomeada ao Premio Nobel de la Paz Infantil.

Nada al-Ahdal, vestida de noiva en representación da infancia perdida, escolleu facer o retrato en Amán, Xordania, cidade que a acolleu despois de ter que fuxir de Iemen.

A Nada al-Ahdal, iemení nada no 2003, cando cumpriu dez anos os seus pais tentaron casala cun familiar que vivía no estranxeiro. O prezo da transacción fixouse en 2.000 dólares, pero non se realizou grazas á mediación do seu tío, Abdel Salam al-Ahdal. En 2013, con só dez anos, Nada publicou un vídeo de dous minutos e medio en Youtube no que, dende o asento dun coche, denunciaba o ocorrido: que os seus pais intentaran casala por diñeiro. Sabía o que era o matrimonio infantil polas súas consecuencias: a súa tía, obrigada a casar aos catorce, suicidouse ao fuxir do seu violento marido. De xeito que ao longo deses dous minutos e medio falaba do medo, do medo ao futuro que a esperaba se os seus pais conseguían o seu propósito e a casaban nun segundo intento. Mencionaba a infancia, os soños rotos, a educación. Prefería morrer antes que ser vendida a un home maior ca ela. O vídeo fíxose viral e foi unha chamada de atención sobre o matrimonio infantil, fortemente arraigado nas tradicións e costumes de tantos países do mundo.

O matrimonio infantil, definido coma unha unión formal ou informal antes dos dezoito anos, é unha crúa realidade para nenos e nenas, aínda que a estas últimas aféctalles dun xeito desproporcionado. As cifras falan por si mesmas para entender a dimensión do problema: cada dous segundos unha nena contrae matrimonio forzoso. Estímase que cada ano 12 millóns de nenas en todo o mundo, ou o que é o mesmo, 34.500 ao día, casan sen ter cumpridos os dezoito anos.

Nada al-Ahdal fuxiu da súa familia e do seu país de orixe despois de denunciar a realidade á que se ven sometidas miles de nenas. Enfrontouse a varios medios de comunicación iemenís que poñían en dúbida a súa historia e a acusaban de falsear os feitos. Pero a historia de Nada conmocionou ás

organizacións e medios internacionais e, na actualidade, vive en Londres. Dende alí, convertida en activista, loita a través da súa propia fundación para convencer ao mundo de que o matrimonio infantil non é un problema familiar, senón global. Loita, tomando como exemplo a súa propia vida, para salvar miles de nenas iemenís dun destino que as aboca ao matrimonio precoz. Para devolverlles a infancia, os soños. En definitiva: para que ninguén lles roube o futuro.

Gretchen Cara Daily

Bióloga

Washington D.C, Estados Unidos, 1964

Escolleu unha ceiba

Sabalito, Costa Rica, 2019



Bióloga, bioxeógrafa e profesora de ciencias ambientais no Departamento de Bioloxía da Universidade de Stanford, onde dirixe o Centro de Bioloxía de Conservación. O traballo de Gretchen Cara Daily fala de algo tan aparentemente sinxelo como de valorar a natureza. É cofundadora do Proxecto Capital Natural, membro da Academia Nacional de Ciencias de EUA, a Academia Americana das Artes e as Ciencias, e a Sociedade Filosófica Americana.

Traballa no desenvolvemento de ferramentas indispensables para combater a perda de especies baseándose no coñecemento científico.

Gretchen Cara Daily escolleu que lle fixesen o retrato fronte á árbore da Ceiba, en Sabalito, Costa Rica, país co que mantén un estreito vínculo. Os habitantes da vila de Sabalito din que esta árbore simboliza todo o que a natureza lle brinda á humanidade, que é un portal que mira cara ao pasado e enlázao co presente e co futuro. Quizais unha árbore, esta árbore, calquera árbore, poida espertar en nós a máis profunda comprensión de que intimamente dependemos da natureza.

A bióloga estadounidense Gretchen Cara Daily conta que, anos atrás, mentres traballaba en Costa Rica, país ao que está unida cun estreito vínculo, adoitaba facer un experimento. Cando caía a noite levaba os seus invitados selva dentro e aí, rodeados da máis completa escuridade, acendía unhas lámpadas especiais con luz ultravioleta co fin de atraer todo tipo de insectos. De xeito instantáneo acudían cara á luz centos de criaturas de distintas formas, cores imposibles e indeterminadas procedencias. Coa boca aberta, os invitados desfrutaban daquel espectáculo que agora xa non produce o mesmo efecto. A pesar de que Gretchen Cara Daily segue realizando o mesmo experimento, acoden á luz pouquísimos insectos: só os máis pequenos. O cambio non é pola timidez, recato ou preguiza das novas xeracións de insectos, non. É pola perda de biodiversidade.

As principais investigacións de Gretchen Cara Daily, bióloga, bioxeógrafa e profesora de Ciencias Ambientais do Departamento de Bioloxía da Universidade de Stanford, onde dirixe o Centro de Bioloxía da Conservación, inclúen bioxeografía, bioloxía da conservación e ecoloxía. Xustamente, o seu ecoloxismo fixo que fose distinguida co Premio Fronteras del Conocimiento da Fundación BBVA na categoría de Ecoloxía e Bioloxía da Conservación, premio que compartiu coa tamén ecóloga Georgina Mace. O seu ecoloxismo visionario levouna a predicir e a adiantarse ás catástrofes que agora danan ao planeta e se fundamenta en algo aparentemente sinxelo: valorar a natureza. Malia que é certo que estamos ante unha emerxencia climática total, a súa actitude vital, arraigada nun

optimismo que rexeita de plano o dato alarmista, está ao servizo de desenvolver ferramentas indispensables para aplicar políticas que combaten a perda de especies baseándose no coñecemento científico. O estado do planeta é trágico, mais o tempo de lamentarse e do alarmismo remata: agora estamos no momento da acción.

Gretchen Cara Daily é o vivo exemplo dunha nova actitude que asume que a preocupación é só un primeiro paso. Agora toca mover ficha, ocuparse. Estamos nun tempo no que podemos facer as cousas dun xeito distinto. A súa posición encarna a esperanza fronte á alarma, e iso si que é visionario.

Stephen Hawking

Científico

Oxford, Reino Unido. 1942-2018

Escolleu o Centre for Mathematical Sciences
Cambridge, Reino Unido, 2018



Autor de *Breve historia del tiempo* (1988) e teórico dos buratos negros, Stephen Hawking foi astrofísico, cosmólogo, divulgador científico, icona da cultura popular, e un dos científicos contemporáneos máis recoñecidos dos nosos tempos. Foi membro da Royal Society de Londres, da Academia Pontificia das Ciencias, da Academia Nacional de Ciencias de Estados Unidos e titular da Cátedra Lucasiana de Matemáticas de la Universidade de Cambridge dende 1979 ata a súa xubilación en 2009.

Entre as numerosas distincións que lle foron concedidas destacan doce doutorados honorarios, o galardón da Orde do Imperio Británico en 1982, o Premio Príncipe de Asturias da Concordia en 1989, a Medalla Copley en 2006, a Medalla da Liberdade en 2009, e o Premio Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento en 2015.

Stephen Hawking escolleu facer o seu retrato, que resultou ser a súa derradeira fotografía en vida, no Centre for Mathematical Sciences de Cambridge. Pero na foto toda persoa atenta decatárase doutra cousa. Pouco antes de que tivera lugar o disparo, o ceo anubrado clareou e apareceu, na marxe esquerda da fotografía, a Lúa. Deste xeito, poderíamos dicir que este é un retrato de Stephen Hawking mirando para a Lúa.

Cando con 21 anos foi diagnosticado de esclerose lateral amiotrófica (ELA), Stephen Hawking afirmou que «A raza humana é tan insignificante en comparación co Universo que estar discapacitado non ten moita importancia cósmica». Os médicos déronlle un ou dous anos de vida, como moito, e viviu 55 máis nunha prórroga, tamén cósmica, que o converteu en astrofísico, cosmólogo, divulgador científico, icona da cultura popular e nun dos científicos contemporáneos máis recoñecidos.

Autor da teoría do Big Bang e teórico dos buracos negros, púxolle idade ao Universo: nada máis e nada menos que 13.700 millóns de anos. Antes diso non existía nada porque tampouco existía o tempo.

En 1988, o seu libro *Unha breve historia do tempo: do Big Bang aos buracos negros* converteuse nun récord Guinness ao permanecer na listaxe de libros máis vendidos do Sunday Times durante catro anos e medio. Malia isto, como o libro versaba sobre conceptos pouco accesibles para as persoas non científicas, a Hawking gustáballe brincar dicindo que era o libro menos lido e mercado da historia. Por iso, en 2005, publicou unha versión máis accesible do orixinal chamada *Brevísima historia do tempo*.

Nunca gañou o Nobel –como a maioría de nós– e escribiu cinco libros para crianzas coa súa filla Lucy nos que un neno chamado George aprende sobre o Universo viaxando por el. Era británico, mais tiña acento americano. O sintetizador de voz que permitía que falase era un DECTalk DT C01, un vello equipamento de 1986 que rexeitaba actualizar porque aseguraba que era a voz que máis lle gustaba e que, con ela, brincaba e tiña máis éxito coas mulleres. Sen ser actor, saíu na televisión e no cinema.

Se a Idade Moderna comezou, simbolicamente, cando Petrarca ascendeu o Mont Ventoux en 1336 e viu como o seu reflexo interior na terra se estendía sen límites fronte a el, as investigacións de Hawking, as súas exploracións e preguntas lévannos de volta aos gregos e á súa relación co cosmos, a Copérnico e ás esferas celestes, a Galileo fascinado co seu telescopio. Lévanos ás persoas que, ávidas de coñecemento e saber, lle deron unha volta ao mundo tratando de achegar ese misterio que o ceo e o tempo representan.

Muhammad Yunus

Premio Nobel da Paz
Chittagong, Bangladesh, 1940

Escolleu o Yunus Centre
Daca, Bangladesh, 2019



Coñecido como o “banqueiro dos pobres” Muhammad Yunus é economista, banqueiro e líder social. Convencido de que o crédito é un dereito humano e de que os pobres son os únicos que saben como mellorar a súa situación, Yunus fundou en 1983 o Banco Grameen, “o banco do pobo” en bengalí. Actualmente, funciona con máis de 22.000 empregados e concede préstamos a 2,3 millóns de persoas, das cales o 94% son mulleres.

Yunus foi galardoado pola súa loita detrás dunha economía xusta en numerosas ocasións. Recibiu o Premio Nobel da Paz en 2006.

Muhammad Yunus escolleu o Yunus Centre, a planta 16 do Banco Grameen, en Daca, Bangladesh. O retrato tivo lugar na sala de reunións e antes do disparo Yunus só pediu poder descalzarse.

Muhammad Yunus naceu no 1940 nun país cuxo nome xa non existe, Paquistán Oriental, aínda baixo soberanía británica. Pasou a súa infancia na cidade portuaria de Chittagong, hoxe convertida nun importante porto marítimo onde cada ano máis de medio centenar de cargueiros son despegados ata morrer fronte á costa. Graduado en Ciencias Económicas, deixou o seu país para marchar a Estados Unidos grazas a unha bolsa Fullbright e, de volta, no 1971, despois da guerra de liberación que xa lle outorgou o seu nome actual, Bangladesh, entregouse a un problema que nunca deixara de inquietalo: a ferocidade desa pobreza que asolaba o seu país.

Corría o ano 1976 cando, nunha visita á aldea de Jobra, falara cuns artesáns e pequenos empresarios que o fixeron partícipe das enormes dificultades que tiñan para saír adiante: ningún banco, dada a falta de garantías de devolución, confiaba neles á hora de prestarlles diñeiro. Yunus constatou o obvio: os organismos financeiros non se atrevían a conceder créditos, aínda que se tratara de cantidades irrisorias, sen garantías. Deste xeito, el mesmo se converteu en banco, prestamista e pola súa conta e risco deixoulles 27 dólares a 42 familias da aldea de Jobra. Sen sabelo, acababa de alumar un concepto revolucionario: os microcréditos. Esas 42 familias devolvéronlle o diñeiro e fixérono a tempo. Armado desa evidencia, volveu a distintos bancos de Daca e Chittagong que, de novo, fixeron o cego. Non lle quedaba mais opción que crear el mesmo o banco.

Guiado por dúas premisas, a primeira, que o crédito é un dereito humano, e a segunda, que os propios pobres son os que saben como mellorar a súa situación, Muhammad Yunus fundou o Banco Grameen, que en bengalí significa «o banco dos pobos» e que se puxo en funcionamento no 1983.

Na actualidade, o banco funciona con máis de 22.000 empregados que traballan en calces de case 38.000 das 68.000 aldeas e vilas de Bangladesh e concede préstamos a 2,3 millóns de persoas das que o 94% son mulleres.

Coñecido como o “banqueiro dos pobres”, Muhammad Yunus foi galardoado pola súa labor en numerosas ocasións. De feito, en outubro de 2006, Yunus e o Banco Grameen foron galardoados co Premio Nobel da Paz pola súa loita en prol dunha economía xusta para as clases máis desfavorecidas.

Steven Pinker

Psicólogo cognitivo
Montreal, Canadá. 1954

Escolleu o William James Hall
Harvard, Estados Unidos, 2019



Recoñecido pola súa defensa da psicoloxía evolucionista e da teoría computacional da mente, Steven Pinker é un dos pensadores da condición humana máis influentes do mundo. Foi nomeado Humanista do Ano, incluído entre os “100 Melloras Intelectuais Públicos do Mundo” na revista *Prospect*, entre os “100 Pensadores Globais” en *Foreign Policy Magazine*, e entre as “100 Persoas máis influentes do mundo hoxe” en *Time Magazine*.

Pinker recibiu doutorados honorarios de universidades no Reino Unido, Israel e Canadá. Actualmente ostenta o título de Profesor no Harvard College e o de Johnstone Family Professor of Psychology na Universidade de Harvard.

Steven Pinker decidiu ser retratado na entrada do edificio William James, da Universidade de Harvard, onde impartiu clases e realizou parte das súas investigacións.

Disque para ser feliz hai que ter boa saúde e mala memoria.

Porque 2016 foi declarado o peor ano da historia ata que 2017 reclamou ese título. E ocorreu o mesmo con 2018. E suma e segue. Por non falar do 2020.

En definitiva, o mundo está perdendo o norte.

E vivimos no peor dos mundos posibles.

E hai mil razóns para ser pesimistas.

E non levantamos a cabeza.

(Paga a pena recordar, ademais, que o home é un lobo para o home).

E se non é o cambio climático serán os robots.

Ou as pandemias.

Ou as inxustizas.

Non podemos negar que o alarmismo ten os seus adeptos, sempre os tivo, pero nada é tan responsable da nostalxia como a mala memoria. Dio Steven Pinker, un dos pensadores máis influentes do mundo, especialista no binomio mente-linguaxe, que se dedica, entre outros mesteres, a refutar a idea de que o mundo está perdendo o norte e carga contra os apóstolos da apocalipse.

Contra a nostalxia, Pinker propón datos. Contra o dato concreto e alarmista, propón tendencias. Se medimos a traxectoria do benestar ao longo do tempo empregando un criterio constante, se comparamos os datos máis recentes do presente cos mesmos medidos hai trinta anos, os datos acaban coa nostalxia. Estamos moito mellor que os nosos antepasados e Pinker non se ampara en ningunha fe cega nin nas falsas promesas de mitos baleiros. O progreso non é unha cuestión subxectiva: pode medirse. Existe.

Home de ciencia e de pensamento, a este canadense que agora é catedrático de Harvard Deus non lle serviu nunca nin coma hipótese. Por isto afanouse na ciencia dende a que defende os ideais da razón. Considera que ciencia e humanismo son agora máis necesarios que nunca e, por iso, un dos empeños nos que baseou a súa carreira é defendelos, sobre todo nun momento coma o actual no que poden virse abaixo. Considerado como un dos psicólogos cognitivos máis brillantes do planeta, os seus traballos académicos, centrados no binomio linguaxe-mente, e as súas obras de divulgación, como *La tabla rasa* e *Los ngelesá* que levamos dentro, foron tan rompedores que algúns non dubidan en falar del como un adiantado da filosofía do futuro.

A miúdo, quizais maliciosamente, outórgaselle a etiqueta de optimista. Como se o optimismo fose unha fonte de descrédito. Aínda que Pinker non se pronunciou respecto a iso –e sospeitamos que a el lle importan máis ben pouco as etiquetas–, prefire definirse como posibilista serio.

Vivian Gornick

Escritora

Nova York, Estados Unidos, 1935

Escolleu o edificio da esquina 7th East/12 St.

Nova York, Estados Unidos, 2018



Vivian Gornick é unha xornalista, escritora e activista feminista cuxa extensa obra da cal enlaza a experiencia vital coa crítica social.

É autora de numerosos libros, entre os que destacan as dúas memorias *Apegos feroces* (1987) e *La mujer singular y la ciudad* (2015). Dous dos seus libros de ensaio, *The End of the Novel of Love* (1998) e *The Men in My Life* (2008), foron finalistas no National Book Critics Circle Award.

Actualmente, é profesora de escritura creativa na New School de Nova York.

Vivian Gornick decidiu que o seu retrato fose fronte a súa casa, onde vive e escribe –acaso sexa o mesmo– e faino sempre pendente, dende a xanela, desa cidade da que está namorada, Nova York.

Corre o ano 1943 e, nunha pequena escola do Bronx, en Nova York, a unha nena de oito anos fanlle un agasallo. A nena chámase Vivian Gornick e a profesora, sinalándoa entre os seus compañeiros, exclama: «Esta nena vai ser escritora».

De volta a casa, repíteo para os si unha e outra vez e algúns regalos son proféticos, chegan xusto no momento adecuado e dan luz a un xeito de vivir. Por isto, cando a nena chega ao modesto bloque de apartamentos que habitará ata os 21 anos –unha casa onde Marx, o socialismo e a clase obreira internacional eran artigos de fe–, comunícallo á súa nai, que a mira con seriedade e a reprende: «Nunca esquezas de onde vés».

«De onde vés» é unha expresión común e quizais non é a resposta que esa nena desexaba porque se trata máis ben dunha advertencia que apunta cara ás raíces e ao fogar. Sexa como for, no caso de Vivian Gornick son estas dúas forzas –a promesa de ser escritora e a advertencia de non afastarse demasiado das raíces– as que fían a súa particular visión do mundo.

Periodista, escritora e activista feminista estadounidense, considerada unha das mellores memorialistas dos últimos cincuenta anos, Gornick é, sobre calquera outra cousa, unha observadora nata da realidade. É ao cotián, ao transitado unha e outra vez, onde regresa para, dende a distancia, ser capaz de desentrañar a madeixa daquilo que se nos pasa por alto debido á proximidade.

Se a grande ilusión da nosa cultura é que somos o que confesamos ser, a obra de Gornick zumega xustamente iso: autenticidade. Se un escritor é alguén que oe voces a través das voces e con elas vai trazando o mapa da súa vida, Gornick faino a miúdo mentres pasea por esta cidade súa, Nova York. E as voces que recolle e recorren a súa obra detéñense niso que é máis importante para ela, os apegos e os vínculos, o amor en todas as súas formas e contradicións que nos condiciona e persegue dende o preciso momento en que alguén, xa sexa no 1943 ou no 2022, fainos o agasallo de darnos unha pista sobre iso que marcará as nosas vidas.

Chimamanda Ngozi Adichie

Escritora

Enugu, Nixeria, 1977

Escolleu Freedom Park

Lagos, Nixeria, 2017



Feminismo, migración, racismo. Son algúns dos temas que percorren as obras desta escritora. A obra de Chimamanda Ngozi Adichie obríganos a mirar de fronte as realidades máis crúas, dende o neocolonialismo ata as múltiples formas de discriminación sexual, pasando, tamén, por aquelas verdades que nos custa máis encarar: os medos e prexuízos que aínda arrastramos.

Entre as súas obras destacan *La flor púrpura* (2003), *Medio sol amarillo* (2006), *Americanah* (2013) e os seus dous últimos ensaios *Todos deberíamos ser feministas* (2014) e *Querida Ijeawele: Como educar en el feminismo* (2017). Recibiu a Bolsa MacArthur en 2008.

Chimamanda Ngozi Adichie escolleu que lle fixeran o seu retrato no Freedom Park de Lagos, na cidade onde vive. Antes, este parque era un antigo cárcere, Her Majesty's Broad Street Prison. Agora é o recordo vivo do que non pode volver ser.

Chimamanda Ngozi Adichie empezou escribir moi cedo: con sete anos xa se atrevía cos seus primeiros relatos. Aínda máis precoz foi coa lectura e, con só catro anos, devoraba libros procedentes na súa maioría do Reino Unido ou dos Estados Unidos. A través das súas páxinas entraba a mundos exóticos radicalmente afastados de Nsukka, aquela cidade do norte de Nixeria na que vivía coa súa familia. Casualmente, ou non, vivían na mesma casa na que, anos atrás, habitara o seu admirado escritor e Premio Nobel de Literatura Chinua Achebe.

Volvamos ás páxinas que cativaban a esa precoz lectora. Nelas, nenos e nenas pencados facían bonecos de neve e comían mazás, mentres que a cháchara dos adultos versaba inevitablemente sobre a chegada do bo tempo. Esas crianzas ás que lles lía e que formaban parte da súa imaxinación foron as que despois habitaron esas primeiras historias que escribiu. Así, os seus personaxes, de insondables ollos azuis, vivían pendentos das galletas do té e das inclemencias do tempo nos escarpados cantís de Cornualles.

Pola contra, en Nsukka a temperatura media anual é de 25 graos e non hai rastro de mazás ou de galletas do té. Disto podemos inferir que, a pesar de vivir na antiga casa de Chinua Achebe, antes de descubrir a literatura nixeriana, Chimamanda pensaba que a literatura debía habitar por forza noutra parte, nas antípodas do seu país natal.

Enfrontouse, desde moi nova, á inconmensurable forza da historia única, á falta de referentes. Ese é o tema que vertebra unha TED Talk que apareceu en 2009, que na actualidade acumula máis de

doce millóns de visitas e vertebra unha gran parte dun pensamento. Nesta charla, Chimamanda Ngozi Adichie revela unha historia chea de perigos: a dsa verdade única coa que categorizamos e encarceramos o mundo.

Chimamanda Ngozi Adichie deixou Nixeria con 19 anos para ir estudar aos Estados Unidos. Foi alí, coa perspectiva que ofrece a distancia, como atopou a súa voz. Marchou lonxe e regresou á súa casa para escribir desde a orixe. O feminismo, a inmigración ou o sexismo son, entre outros, os temas que aparecen nas súas obras: *La flor púrpura*, a súa primeira novela, *Medio sol amarillo*, cuxo título fai referencia ao deseño da bandeira da efémera nación de Biafra, o seu asombroso libro de relatos *Algo alrededor de tu cuello* e *Americanah*.

Estes últimos anos, xa convertida nunha icona do feminismo moderno, publicou ensaios como *Todos deberíamos ser feministas* e *Querida Ijeawele. Cómo educar en el feminismo*. A obra de Chimamanda Ngozi Adichie pon unha verdade incómoda sobre a mesa: o problema dos estereotipos non é unicamente que sexan falsos, senón que son incompletos. Desgraciadamente, son esas crenzas mutiladas as que seguen gobernando o relato que trazamos do mundo e, o que é peor, o mundo.

Ferran Adrià

Chef

L'Hospitalet de Llobregat, España, 1962

Escolleu Cala Montjoi

Girona, España, 2016



Ferran Adrià revolucionou o mundo da gastronomía e introduciuno nunha nova era. Á fronte do restaurante El Bulli (Girona, España) recibiu as máximas distincións gastronómicas, entre as que destaca o Premio San Pellegrino, co que foi galardoado en distintas ocasións. El Bulli foi nomeado Mellor Restaurante do Mundo pola revista británica *Restaurant Magazine*, e recibiu tres estrelas Michelin.

A innovación é unha constante na traxectoria de Adrià, á vez unha técnica e unha filosofía. Fai da gastronomía un punto de encontro, un campo de acción capaz de crear novas regras e trazar novos horizontes.

Ferran Adrià escolleu facer o seu retrato na Cala Montjoi, en Roses, desde onde, armado de intuición e perseveranza, revolucionou a cociña mundial desde elBulli.

Se te moves moito non saes ben na foto, adoitan dicir como consello as persoas que tratan de facernos un retrato. Se te moves saes borroso ou movido, e pode ser que o resto non te recoñeza de todo porque estamos acostumados ao estático como forma de entender o mundo: as categorías, as palabras, as definicións, os retratos. Pero Ferran Adrià móvese moito, polo que este retrato e este texto están en movemento, teñen que estalo por forza.

Imaxinemos aquí que esta fotografía comprende ao neno que nace entre fábricas téxtiles en L'Hospitalet e que entende a forma e o límite da súa cartografía persoal a base de non dar por sentado o que ten, cuestionando o camiño que transita até convertelo sempre noutra cousa, nun paso máis.

Sigamos imaxinando que esta foto, entre todas as súas capas, contén ao rapaz que non pisou a universidade e, armado de intuición, revolucionou a cociña mundial desde elBulli, un restaurante nunha cala de Girona. Elixido durante cinco anos o mellor do planeta, no cume do éxito cambiou de rumbo até convertelo nun rupturista laboratorio de ideas no que intenta responder a esa gran pregunta de que é cociñar.

Sendo tan importante saber o que somos como o que non somos, poderíamos dicir que Ferran Adrià non é un cociñeiro nin un chef. Esas non son as etiquetas que poden describilo, son só algunhas delas, mais son borrosas.

Ferran Adrià non ten coche, pero móvese continuamente e intenta descifrar o Universo, especialmente o seu propio, esborrachando notas que improvisa en libretas, panos de papel, bolsas... O que teña á man. Conta Brett Littman, o que foi director do Drawing Center de Nova York, onde Adrià expuxo gráficos que sintetizaban o seu saber culinario, que o descubriu debuxando repetidamente nun pano tres palabras: «¿Why? ¿Why? ¿Why?». A pregunta e o movemento, que mellor metáfora para achegármonos a Adrià.

Nun artigo do historiador e escritor británico Tony Judt titulado «In love with trains», este contaba que de neno estaba moi estresado polas imposicións do verbo «ser» –being–, que entrañaban multitude de cargas. Ser –conta– sempre lle resultou estresante: onde estiver, había algo que facer, alguén a quen complacer, un deber que cumprir. Pola contra, «converterse» –becoming–, foi un alivio.

A Ferran Adrià quizais lle pase o mesmo, a pesar de que el non ten coche nin conduce, é desde esa conquista, entendida conquista como o reto de ir sendo quen é, como se achega á verdade. É o movemento o que lle dá as claves para ser, para ir atravesando os anos.

Pedro Opeka

Misionero

San Martín, Arxentina, 1948

Escolleu Akamasoa

Antananarivo, Madagascar, 2019



Pedro Opeka é un sacerdote católico e misioneiro en Madagascar. Arxentino de nacemento, Opeka foi nomeado director dun seminario en Antananarivo, Madagascar, en 1989. Aí empezou a traballar cos habitantes dos vertedoiros que rodean a capital. Fundou Akamasoa (“os bos e fieis amigos”), unha organización sen ánimo de lucro que rematou transformándose en cidade.

En tres décadas, os vertedoiros a han convertíronse nun referente da autoxestión, ademais de nun fogar digno para os seus máis de 25.000 habitantes. Os seus centros de acollida amparan máis de 500.000 cidadáns de Madagascar. Opeka foi proposto en reiteradas ocasións ao Premio Nobel da Paz.

Ninguén pensaría que unha cidade pode ser tamén un vertedoiro. Pola contra, deste vertedoiro, un recolledor de lixo das aforas de Antananarivo –e no vertedoiro había restos de comida, envases de plástico, refugallos electrónicos, pneumáticos, ferros oxidados, roupa inservible e deteriorada– Pedro Opeka soubo intuír as formas, extraelas do baleiro e do aire coma se fose un dotado oleiro. E de aí naceu, dos estullos, unha cidade chamada Akamasoa, que en malgaxe, a lingua de Madagascar, significa bo amigo.

O sacerdote arxentino e misioneiro católico Pedro Opeka chegou hai máis de 50 anos a Madagascar e quedou «mudo», relata el, ante tanta pobreza, en especial ao ver a milleiros de familias vivindo nun xigantesco vertedoiro das aforas de Antananarivo. Grazas ao esforzo deste incansable misioneiro e ao de quen forma parte de Akamasoa, este proxecto faraónico, moitas das crianzas que coñeceu entre o lixo convertéronse en profesoras, médicas ou arquitectas. Anos despois, milleiros de casas, escolas, pequenas empresas e até un hospital están levantados onde antes só había lixo e desperdicio.

Nun dos relatos do libro *Manual para mujeres de la limpieza*, a escritora Lucia Berlin logra que un personaxe diga: «El era coma o vertedoiro de Berkeley» e que esta frase nos transmita que un vertedoiro pode ser algo bo, luminoso, aínda que iso contraveña a maior parte de ideas que temos respecto dos vertedoiros. Quizais ignoremos os fíos secretos que unen a Lucia Berlin con Pedro Opeka, quizais simplemente non existan, ou talvez o que os une é a intuición de que nun vertedoiro pode aniñar a oportunidade, a esperanza.


Opeka converteu un lugar de exclusión, sufrimento e morte nun lugar onde existe a esperanza, no

que as crianzas recuperaron a súa dignidade e lembran que a pobreza non é un destino ineludible. Por esta incansable misión foi nominado ao Premio Nobel da Paz. E tamén porque as súas accións se dedican continuamente a explicar que significa a palabra empatía, que significa a palabra amigo.

Woody Allen

Director de cine
Nova York, Estados Unidos, 1935

Escolleu o Metropolitan Museum
Nova York, Estados Unidos, 2015



Annie Hall, Hannah y sus hermanas, La rosa púrpura del Cairo, Manhattan, Match Point. Woody Allen é director de cinema, humorista, músico, guionista; pero, sobre todo, un radiógrafo dos nosos tempos. Algúns dos seus diálogos asentáronse no noso imaxinario colectivo, outros imprímense en camisetas ou en cuncas de café.

A súa carreira abarca máis de seis décadas, ten filmado ao redor de medio centenar de películas e recibido numerosos galardóns, entre eles catro premios Óscar, dez premios BAFTA e dous Globos de Ouro.

Ante a pregunta «Cal é o teu lugar no mundo?», Woody Allen dubidou entre París e Nova York. Foi esta última, non obstante, a que rematou por decantar esta balanza na que pesaban a súa paixón por Europa e o seu apego pola que é, por dicilo con certa grandilocuencia, a cidade da súa vida: Nova York. De entre toda a cidade, Allen decidiu facerse a foto no Metropolitan Museum of Art e o azar quixo que o recanto fose este, fronte a O triunfo de Marius, un lenzo de Giovanni Battista Tiepolo. Este cadro pertence a unha serie de dez lenzos pintada para decorar a sala principal de Ca' Dolfin, un palacio de Venecia. Se o espectador se fixa, á esquerda do lenzo aparece un autorretrato de Tiepolo que, orgulloso da súa xesta, decidiu incluírse no cadro. Polo que, en certo modo, este é un retrato cun autorretrato de fondo.

En todo espectáculo de maxia conviven no espectador dous desexos antagónicos. Dunha banda, o natural afán de descubrir o truco, de estar atento aos detalles para desenmascarar o fraude e, doutra banda, o desexo oposto, que se cifra en que non haxa truco, que exista esa orde paralela á vida, a maxia, onde as cousas suceden doutro xeito.

Falamos aquí de maxia porque, de certo modo, este home, que antes se chamaba Allan Stewart e admiraba tanto ao clarinetista Woody Herman que tomou prestado o seu nome artístico, é un prestidixitador. Un mago.

Por dar outras pistas, ademais de tocar o clarinete pasou 37 anos psicanalizándose. É director de cine, artista, músico e guionista. Pero na actualidade segue sen ter ordenador e traballa cunha vella máquina de escribir que lle custou 40 dólares.

Como é extremadamente crítico consigo mesmo e por esta razón nunca deixaría de cambiar cousas, non ve as súas películas unha vez as remata. E fai ben porque se empezara agora levaríalle un bo rato repasar a súa prolífica carreira: 53 películas.

Carismático, neurótico, enxeñoso, controvertido, xenial, maniático, Woody Allen ten no seu haber títulos como Annie Hall, Hannah y sus hermanas, La rosa púrpura del Cairo, Manhattan ou Match Point.

Algúns dos seus diálogos convertéronse en parte do noso imaxinario colectivo, outros imprímense en camisetas ou adornan cuncas de almorzo: «O cerebro? É o meu segundo órgano favorito» ou «Unha relación é coma unha quenlla, ten que moverse cara adiante ou morre. E o que temos entre mans é coma unha quenlla morta».

Difícil quedar cunha frase deste home que nos regalou películas que en realidade son esa outra cousa, trucos de maxia cos que radiografou os nosos tempos e inseguridades e ofreceunos escenas e situacións cheas de enxeño sobre o sexo, a vida, a morte e os fracasos amorosos ou o sentido da vida. Difícil quedar cunha frase, pero claro, como non mencionar ese chiste de Annie Hall: "Hai un vello chiste: dúas mulleres maiores están nun hotel de alta montaña e unha comenta, 'Vaia, aquí a comida é verdadeiramente terrible!', e contesta a outra: 'É ademais as racións son moi pequenas!'. Pois basicamente así é como me semella a vida, chea de soidade, histeria, sufrimento, tristeza e, non obstante, remata demasiado á présa".

Reed Brody

Avogado

Nova York, Estados Unidos, 1953

Escolleu Nova York

Estados Unidos, 2018



Alcumado “o cazador de ditadores”, Reed Brody é conselleiro xurídico e voceiro da organización Human Rights Watch. A súa trayectoria focalízase na persecución de crimes humanitarios e a imputación dos líderes políticos responsables.

Prestou apoio xurídico ás vítimas no caso do exditador exiliado de Chad, Hissène Habré, condenado por crimes contra a humanidade en Senegal, e nos casos de Augusto Pinochet e Jean-Claude “Baby Doc” Duvalier. Actualmente traballa coas vítimas do ex- ditador de Gambia, Yahya Jammeh, e axudou a iniciar o caso contra Mohamed bin Salman de Arabia Saudí.

Reed Brody escolleu facerse o retrato na portería dos apartamento de Brooklyn nos que vivira ao longo da súa infancia, uns apartamentos aos que non volvera ata o día do retrato. Ademais, como «cazador de ditadores», a Reed Brody coñecéselle tamén por ser o home da bufanda vermella. Non importa en que situación se encontre que, fíxense, sempre a leva no pescozo. Neste retrato tamén. Só é cuestión de ollar detidamente, de achegarse un pouco máis e –como ocorre coa maioría de cousas da vida– de súbito aparece.

Pequenos xestos fundan unha vida. Permanecen. Son anécdotas que adquiren relevancia ao longo do tempo. E así, probablemente –aínda que non temos os datos–, Reed Brody sexa unhas das persoas máis novas en escribir unha constitución. Con 12 anos, xunto co seu irmán pequeno, Clifford, escribiu a Constitución da República Libre de Brodania, un país que, por decreto, non se relacionaría con reis nin ditadores, senón con estados de igual a igual e sobre as bases da democracia. Este episodio podería quedar en divertimento, pero fundou unha vida que se enraíza na loita en favor da democracia, a do avogado estadounidense Reed Brody, que leva anos de activismo dentro do campo dos dereitos humanos.

Nado nun Brooklyn que pouco ten que ver co de agora, foi alí onde creceu sendo plenamente consciente das desigualdades. Matriculouse en Dereito e comezou a traballar na Fiscalía de Nova York. Pronto, non obstante, embarcaríase nunha viaxe que lle cambiaría a vida: en 1984 marchou a Nicaragua onde, despois de ser testemuña das atrocidades que cometía a Contra, movemento armado oposto ao goberno sandinista, sentiu a responsabilidade moral de contalo. Así foi como deixou o seu traballo e, con tan só 31 anos, escribiu un detallado informe que acreditaba o sadismo da Contra. Grazas a estas páxinas que foron portada de The New York Times, Estados Unidos deixou de financiar este grupo.

Máis tarde, Brody traballou na ONU e na creación do Tribunal Penal Internacional, ata que en 1998 entrou na Human Rights Watch, unha ONG de referencia no campo dos dereitos humanos da que foi voceiro. A súa cruzada pola xustiza e os dereitos humanos levouno a O Salvador, Guatemala, Tíbet, Haití, Timor Leste ou á República Democrática do Congo.

Se ben é certo que os libros de autoaxuda contan que para cambiar o mundo é necesario empezar por un mesmo, Brody comezou ao grande, polas dúas cousas á vez, non en van procede dunha xeración, a dos anos setenta, que quería cambiar o mundo, e leva toda a vida demostrando que é posible facelo. Por algo o alcuman, aínda que non lle guste o título, «o cazador de ditadores».

Conta que "Se matas a alguén, vas á cadea. Se matas corenta persoas, péchante nun psiquiátrico. Se matas 40.000 persoas, exílaste comodamente noutro país cunha boa conta corrente. Isto é o que queremos cambiar". Xustiza, nada máis e nada menos, iso é o que pide, polo que loita. Algunhas das súas vitorias máis icónicas son Augusto Pinochet, Jean-Claude Duvalier ou Hissène Habré e confía en que pronto o gambiano Yahya Jammeh se engada á lista de ditadores aos que conseguiu levar ante a xustiza.

Porque os ditadores se cazan, mais cómpre tempo e, sobre todo, paciencia. Pero este avogado sobre cuxo traballo se realizaron xa cinco documentais persegue un soño que ten que ver con restaurar aquilo que é inquebrantable e profundamente belo, aquilo que aniña no corazón do home máis alá das circunstancias e que se chama dignidade.